

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

406 *Corrección de erros do Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades do xogo.*

Advertidos erros no Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades do xogo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 275, do 15 de novembro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1, no índice, onde di: «Artigo 8. Procedemento de homologación e certificación.», debe dicir: «Artigo 8. Prazo e procedemento de homologación e certificación.».

Na páxina 1, no índice, onde di: «Artigo 9. Recoñecemento da homologación e certificación validada por outras administracións públicas.», debe dicir: «Artigo 9. Recoñecemento da homologación e certificación validada por outras administracións públicas ou polas autoridades competentes dos Estados do Espazo Económico Europeo.».

Na páxina 1, no índice, onde di «Artigo 11. Certificación provisional dos sistemas de xogo.», debe dicir: «Artigo 11. Homologación preliminar e definitiva dos sistemas técnicos de xogo.».

Na páxina 1, no índice, onde di: «Artigo 15. Actividades de xogo realizadas a través de internet.», debe dicir: «Artigo 15. Actividades de xogo realizadas a través de sitio web.».

Na páxina 8, artigo 8, punto 3.d), segundo parágrafo, primeira liña, onde di: «Os informes certificación irán acompañados...», debe dicir: «Os informes de certificación irán acompañados...».